

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 13 de decembro de 2005 pola que se convocan axudas para financiar actividades das confederacións e federacións de pais de alumnos e das asociacións de pais de alumnos de centros de educación especial para o ano 2006.

O artigo 2.3º da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, establece como principio da actividade educativa a participación e colaboracións dos pais e titores para contribuíren á mellor consecución dos obxectivos educativos.

O Estatuto de autonomía de Galicia declara, no seu artigo 31, a competencia plena da Comunidade Autónoma galega para o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, sen prexuízo das limitacións impostas polos artigos 27 e 149 da Constitución española.

Coa finalidade de apoiar e potenciar a realización de actividades por parte das federacións e confederacións de pais de alumnos e das asociacións de pais de alumnos de centros de educación especial mediante a subvención dos gastos ocasionados polas citadas actividades, así como os derivados da xestión administrativa, adquisición de material non inventariable e mantemento ordinario das instalacións, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Faise pública a convocatoria de axudas destinadas a subvencionar a realización de actividades por parte das federacións e confederacións de pais de alumnos legalmente constituídas e das asociacións de pais de alumnos de centros de educación especial, desde o 1 de xaneiro de 2006 ata o prazo límite de xustificación de gastos.

Segundo.-Poderán solicitar estas axudas as federacións e confederacións de pais de alumnos así como as asociacións de pais de alumnos de centros de educación especial que, con anterioridade á data de remate do prazo de presentación de solicitudes, estean inscritas no censo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Terceiro.-O importe máximo que se distribuirá nesta convocatoria de axudas será trinta e sete mil setecentos corenta euros (37.740 euros) e realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 09.02.323A.480.3 da Dirección Xeral Ordenación e Innovación Educativa.

En todo caso, o gasto proxectado queda sometido a condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente para tal fin nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e ao disposto na orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001.

Non obstante, o importe destas axudas poderá incrementarse se, antes da publicación da resolución de con-

cesión no *Diario Oficial de Galicia*, se recibira transferencia do Ministerio de Educación e Ciencia para esta mesma finalidade, e así se publique no *Diario Oficial de Galicia*.

Cuarto.-As axudas van destinadas tanto para a realización de actividades como para sufragar gastos derivados da xestión, administración, adquisición de material non inventariable e mantemento ordinario das instalacións que se orixinen no período subvencionado.

Quinto.-As solicitudes, segundo o modelo de instancia que figura como anexo á presente orde, deberán conter os datos actualizados do solicitante e deberán vir acompañadas da seguinte documentación:

a) Orzamento desagregado de cada unha das actividades, dos gastos derivados da xestión, administración, adquisición de material e mantemento das instalacións que se orixinen no período subvencionado.

b) Plan de actividades para as que se solicita a axuda, facendo constar unha breve memoria por cada unha das actividades.

c) Copia certificada do acordo do órgano competente polo que se decide solicitar a axuda.

d) Relación das asociacións de pais de alumnos que integran a federación ou das federacións que integran a confederación.

e) Declaración xurada de ter solicitado, ou non, outras axudas para a mesma finalidade doutras administracións ou entes públicos.

f) Orixinal ou copia compulsada de certificación bancaria, a nome da entidade solicitante, na que conste o número de conta na que desexe que se lle ingrese, se é o caso, o importe da axuda.

g) Copia compulsada do CIF.

Sexto.-As instancias e demais documentación presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, edificio administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou nos lugares e na forma previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE do 27 de novembro).

Se a solicitude fose remitida por correo, será necesaria a súa presentación en sobre aberto para que o funcionario de correos poida facer constar o selo e a data antes de proceder á súa certificación.

Sétimo.-O prazo de presentación de instancias será de corenta días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Presentada a solicitude, examínase para ver se reúne os requisitos exixidos e se se acompaña da preceptiva documentación, requiríndose en caso contrario o solicitante para que, no prazo de dez días, emende e/ou complete os documentos e/ou datos que deben achegarse, advertíndolle que se así non o fixera, terase por desistido da súa petición e procederase ao seu arquivo sen máis trámite, logo de resolución ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Oitavo.-Baixo a presidencia da directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa ou persoa na que delegue, constituirase unha comisión integrada polos seguintes membros:

- * A subdirectora xeral de Centros.
- * Un representante da subdirección xeral da Inspección Educativa.
- * O xefe do servizo de Xestión de Programas Educativos.
- * A xefa de sección de Programas Educativos.
- * Un funcionario da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, que actuará como secretario, con voz e sen voto.

Noveno.-A distribución das axudas farase do seguinte xeito:

a) As confederacións recibirán unha subvención que será o resultado de multiplicar o importe que se estableza por federación polo número de federacións que integran cada confederación.

b) As federacións recibirán unha subvención que será o resultado de multiplicar o importe que se estableza por asociación polo número de asociacións que integran cada federación.

c) As asociacións de pais de alumnos de centros de educación especial recibirán a contía que se estableza e que será igual para todas as asociacións.

Os importes resultantes poderán verse incrementados ata un máximo dun 25% en función dos seguintes aspectos:

a) Ata un máximo dun 10% pola realización de actividades ou programas de formación aos pais, debidamente acreditados.

b) Ata un máximo dun 15% pola atención a poboación escolar de condicións socioeconómicas desfavorecidas.

Décimo.-A comisión de selección elaborará a proposta de adxudicación das subvencións e elevaraa á conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, para a resolución que proceda.

A resolución de concesión das axudas, ditada pola conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, publicaráse no *Diario Oficial de Galicia* no prazo máximo de 6 meses contados desde a publicación desta convocatoria.

No suposto de que non recaese resolución expresa dentro do prazo máximo previsto, os solicitantes deberán entender desestimadas as súas solicitudes.

A resolución, que esgotará a vía administrativa, poderá ser obxecto de recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia*, perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria segundo o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE do 14 de xaneiro), ou ben os interesados poderán presentar directamente o recurso contencioso-administrativo, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, conforme se establece na Lei 23/1998, do 13 de xullo,

reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (BOE do 14 de xullo).

Décimo primeiro.-O pagamento das axudas concedidas farase de conformidade co disposto nos artigos 16 e 17 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 11 de decembro).

Para poder dar curso aos libramentos, os beneficiarios presentarán, antes do 15 de outubro de 2006, a xustificación dos gastos realizados, mediante orixinais ou copias compulsadas de facturas, nóminas e outros documentos acreditativos.

Ademais, os beneficiarios deberán presentar unha declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para a mesma finalidade, procedente das distintas administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

A xustificación indicada nos dous parágrafos anteriores será enviada no prazo indicado á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, Subdirección Xeral de Centros, Servizo de Xestión de Programas Educativos, edificio administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela.

Décimo segundo.-A Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa poderá requirir do solicitante cantos documentos e aclaracións considere necesarios para complementar o expediente, e tamén poderá dispor que se leven a cabo as comprobacións oportunas dos datos achegados polos peticionarios.

Calquera alteración que se produza nos datos contidos na solicitude ou na documentación que a acompaña será comunicada polo solicitante á citada dirección xeral.

Décimo terceiro.-O beneficiario obrígase a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Décimo cuarto.-Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Décimo quinto.-Nas convocatorias públicas, publicidade e propaganda das actividades realizadas ao abeiro desta orde que realicen as confederacións, federacións e asociacións, deberá figurar que están subvencionadas pola Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, co seu respectivo anagrama ou logotipo.

Décimo sexto.-Procederá o reintegro, total ou parcial, da axuda percibida, xunto cos xuros de demora, nos casos indicados no artigo 78.10º do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (DOG do 5 de novembro).

Décimo sétimo.-Esta orde adáptase ás normas básicas do texto articulado da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE do 18 de novembro) e ás do seu desenvolvemento.

Décimo oitavo.-Contra esta orde os interesados poderán interpor recurso contencioso-administrativo, perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición adicional

No non previsto nesta orde haberá que aterse ao disposto no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (DOG do 5 de novembro) coas modificacións introducidas pola Lei 14/2004, do

29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo (DOG do 30 de decembro) e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa para ditar as resolucións necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2005.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

PROCEDEMENTO AXUDAS PARA FINANCIAR ACTIVIDADES DAS CONFEDERACIÓNS E FEDERACIÓNS DE PAIS DE ALUMNOS E DAS ASOCIACIÓNS DE PAIS DE ALUMNOS DE CENTROS DE EDUCACIÓN ESPECIAL PARA O ANO 2006	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED507A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

ENTIDADE	NÚMERO DE REXISTRO	CIF
ENDEREZO		
CONCELLO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL
		TELÉFONO
CENTRO DO QUE DEPENDE (SÓ PARA CUBRIR POLAS APAS)		

DATOS DO REPRESENTANTE

APELIDOS	NOME	NIF
ENDEREZO		
CONCELLO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL
		TELÉFONO

SOLICITA:

- 1.- Acollerse á convocatoria de axudas a confederacións e federacións de pais de alumnos e a asociacións de pais de alumnos de centros de educación especial para o ano 2006 ao reunir os requisitos exixidos.
- 2.- Unha axuda polo importe de _____ €.

DOCUMENTACIÓN QUE ACOMPAÑA (*)

- ☐ ORZAMENTO DESAGREGADO DE CADA UNHA DAS ACTIVIDADES, DOS GASTOS DERIVADOS DA XESTIÓN, ADMINISTRACIÓN, ADQUISICIÓN DE MATERIAL E MANTENIMENTO DAS INSTALACIÓNS QUE SE ORIXINEN NO PERÍODO SUBVENCIONADO.
- ☐ PLAN DE ACTIVIDADES PARA AS QUE SE SOLICITA A AXUDA, FACENDO CONSTAR UNHA BREVE MEMORIA POR CADA UNHA DAS ACTIVIDADES.
- ☐ COPIA CERTIFICADA DO ACORDO DO ÓRGANO COMPETENTE POLO QUE SE DECIDE SOLICITAR A AXUDA.
- ☐ RELACIÓN DAS ASOCIACIÓNS DE PAIS DE ALUMNOS QUE INTEGRAN A FEDERACIÓN OU DAS FEDERACIÓNS QUE INTEGRAN A CONFEDERACIÓN. (SÓ FEDERACIÓNS E CONFEDERACIÓNS).
- ☐ DECLARACIÓN XURADA DE TER SOLICITADO, OU NON, OUTRAS AXUDAS PARA A MESMA FINALIDADE DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS OU ENTES PÚBLICOS.
- ☐ ORIXINAL OU COPIA COMPULSADA DE CERTIFICACIÓN BANCARIA, A NOME DA ENTIDADE SOLICITANTE, NA QUE CONSTE O NÚMERO DE CONTA NA QUE DESEXE QUE SE LLE INGRESE, SE É O CASO, O IMPORTE DA AXUDA.
- ☐ COPIA COMPULSADA DO CIF.

(*) Sinala cun "X" o que proceda.

LEXISLACIÓN APLICABLE - Orde do 13 de decembro de 2005 pola que se convocan axudas para financiar actividades das confederacións e federacións de pais de alumnos e das asociacións de pais de alumnos de centros de educación especial para o ano 2006. - Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE do 27 de novembro).
SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA _____ de _____ de 200

Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA
		/ /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS
		/ /
		DATA DE SAÍDA
		/ /

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 14 de decembro de 2005 pola que se recoñece e declara de interese galego e se ordena a inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Fundación para o Desenvolvemento e Aproveitamento das Potencialidades do Mundo Rural (Fun-Pro-Rural).

Examinado o expediente de recoñecemento e declaración de interese galego e inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da *Fundación para o Desenvolvemento e Aproveitamento das Potencialidades do Mundo Rural* (Fun-Pro-Rural), dítase esta orde, baseada nos feitos e antecedentes de dereito que se expoñen a continuación:

Feitos.

1. José Luis Fernández Celis, en representación da fundación, mediante solicitude do 26 de outubro de 2005, formulou solicitude de clasificación e de declaración de interese galego e inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

2. A *Fundación para o Desenvolvemento e Aproveitamento das Potencialidades do Mundo Rural* (Fun-Pro-Rural) foi constituída en escritura pública outorgada en Santiago de Compostela o día 20 de setembro de 2005, ante o notario Carlos de la Torre Deza, co número de protocolo mil setecentos vinte e nove, por Roberto García González (no seu nome e en nome e representación da organización profesional agraria Unións Agrarias UPA), Pablo García García (en nome propio), Javier Iglesias Fernández (en nome propio), José Luis Fernández Celis (en nome propio), María Páez Pérez (no seu nome e en nome e representación da *Asociación Sectorial Forestal Galega*), Miguel Soto Albores (no seu nome e en nome e representación da *Asociación de Desenvolvemento Rural Odega*), María Begoña Becerra Quinteiro (en nome propio), Rosa Arcos Caaño (no seu nome e en nome e representación da *Asociación para a Promoción e Integración das Mulleres Galegas do Rural -AGRA-*) e Rosa María García Hermida (en nome propio).

3. A *Fundación para o Desenvolvemento e Aproveitamento das Potencialidades do Mundo Rural* (Fun-Pro-Rural) ten por obxecto, segundo establece o artigo 6 dos estatutos:

a) Promover e colaborar activamente en todas cantas tarefas e actividades estean encamiñadas á promoción social, económica e formativa dos habitantes do medio rural.

b) Promover e participar en programas de desenvolvemento rural.

c) Participar en mesas de traballo, reunións, congresos e comisións nas que se poida requirir a súa participación, calquera que sexa a entidade que as promova.

d) Servir de centro de información e asesoramento, facilitando a participación en proxectos e actividades de desenvolvemento rural.

e) Promover, colaborar ou asesorar na realización de actividades de carácter produtivo, innovador, formativo, cultural, deportivo, lúdico ou recreativas dentro dos ámbitos de traballo definidos pola propia fundación.

f) Elaboración de publicacións e calquera outra actividade informativa ou de divulgación que contribúa aos seus fins.

g) A realización de estudos sobre o medio rural, medio natural, agricultura e calquera outro relacionado co desenvolvemento rural.

h) A realización de programas e actividades que contribúan á modernización, implantación de procesos de calidade, protección do medio natural e calquera outra actividade de innovación e diversificación no medio rural, e que redunde na calidade de vida dos seus habitantes.

i) Organizar conferencias, coloquios, xornadas, congresos, cursos, mesas de traballo, paneis e en xeral actividades de divulgación, información e formación en relación coa calidade de vida no medio rural.

j) Calquera outra actividade que sexa acordada, conforme os estatutos, polos órganos de dirección da fundación.

4. A comisión integrada polos secretarios xerais de todas as consellerías elevoulle ao conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza proposta de clasificación como de interese social da *Fundación para o Desenvolvemento e Aproveitamento das Potencialidades do Mundo Rural* (Fun-Pro-Rural), dado o seu obxecto e finalidade, polo que, cumpríndose os requisitos exixidos na Lei 7/1983, do 22 de xuño, e na Lei 11/1991, do 8 de novembro, de reforma da lei anterior, de réxime das fundacións de interese galego, e segundo establece o artigo 32.1º e 2º do Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, procede a súa clasificación como de interese social e á súa adscrición á Consellería do Medio Rural.

5. Á vista da citada proposta da comisión de secretarios xerais, por orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 16 de novembro de 2005 (*Diario Oficial de Galicia* do 2 de decembro), clasificouse como de interese social a *Fundación para o Desenvolvemento e Aproveitamento das Potencialidades do Mundo Rural* (Fun-Pro-Rural) e adscribiuse á Consellería do Medio Rural para efectos do exercicio do protectorado sobre ela, en cumprimento do disposto no artigo 32.3º a) do Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego.

6. Na constitución da fundación constan os extremos relativos á personalidade dos fundadores; á súa capacidade para constituíla e á súa vontade de facelo como de interese galego conforme os preceptos da Lei 7/1983, do 22 de xuño, de réxime das fundacións de interese galego, modificada pola Lei 11/1991, do 8 de novembro; os estatutos; o capital da fundación constituído por un total de trinta mil euros (30.000 euros); e a designación das persoas naturais que constitúen o órgano de goberno inicial da fundación, coa aceptación dos seus cargos.

7. Nos estatutos da fundación constan os extremos relativos á súa denominación de *Fundación para o Desenvolvemento e Aproveitamento das Potencialidades*